

gústame **o galego**

[Proposta de desenvolvemento en concellos, centros de ensino, etc.]

Gústame o galego é unha campaña xeral de fomento da lingua coa que se visibiliza o apoio individual de persoas ao proceso de normalización lingüística a través de fotos con frases suxestivas sobre o uso do galego en diversos ámbitos e situacións.

Gústame o galego quere implicar a canta máis xente mellor mediante o desenvolvemento da acción en diversos puntos do país, polo que servizos de normalización lingüística, equipos de normalización e dinamización lingüística e entidades interesadas poden contar co desenvolvemento da acción no seu concello, centro de ensino, actividade, etc.

Cales son os obxectivos?

Visibilizar e difundir o apoio de persoas a nivel individual ao proceso de normalización lingüística.

Favorecer que persoas de todo tipo e de todas as idades se impliquen e posicionen a prol do fomento do galego.

Provocar unha mínima reflexión en persoas de todo tipo sobre a necesidade de fomento do galego en distintos ámbitos e situacións.

Achegar tanto a espazos públicos como á rede e aos medios mensaxes favorables a prol da normalización lingüística en todos os ámbitos, e facéndoas visibles a través de persoas concretas.

En que consiste a acción que ofrecemos?

A acción que ofrecemos consiste en montar durante unha xornada ou media xornada o photocall da campaña nun lugar que se acorde para que poidan participar as persoas que o desexen dunha vila, centro de ensino, etc.

As persoas que queiran participar elixirán un dos 29 lemas da campaña, cubrirán o correspondente permiso e sacarán a foto no photocall de Gústame...

Dúas persoas monitorizarán a acción, tirarán as fotos, etc., e a esas imaxes daráselles difusión nas redes sociais.

Cada persoa que participe será agasallada cunha chapa de Gústame o galego.

Ademais, á entidade que contrata a acción enviaráselle posteriormente un CD con todas as fotos de todas as persoas que participaron.

Proposta de contratación

Media xornada

Inclúe:

- 3 horas de actividade + 1 hora de montaxe e desmontaxe.
- Dúas persoas que monitorizan a actividade, explican, tiran as fotos, montan e desmontan o equipamento, etc.
- Difusión nas redes sociais da actividade e publicación e difusión das fotos tiradas.
- Material informativo, de visibilización e de permiso para a difusión das fotos.
- 100 chapas.
- Preparación e envío de CD con todas as fotos tiradas.
- Desprazamento e axudas de custo de dúas persoas.

CUSTO:

250 € (IVE incluído) [206,61 € + IVE]

Xornada completa

Inclúe:

- 6 horas de actividade (con parada) + 1'5 horas de montaxe e desmontaxe.
- Dúas persoas que monitorizan a actividade, explican, tiran as fotos, montan e desmontan o equipamento, etc.
- Difusión nas redes sociais da actividade e publicación e difusión das fotos tiradas.
- Material informativo, de visibilización e de permiso para a difusión das fotos.
- 200 chapas.
- Preparación e envío de CD con todas as fotos tiradas.
- Desprazamento e axudas de custo de dúas persoas.

CUSTO:

350 € (IVE incluído) [289,25 € + IVE]

Para o desenvolvemento da acción necesítase:

Un espazo aproximado de 5 x 5 metros. Unha mesa. Un enchufe á corrente eléctrica. Preferentemente posibilidade de conexión wifi.

No caso de centros de ensino en que hai menores de idade, enviaranse previamente aos centros as follas para que as persoas que teñen a responsabilidade sobre eses/as menores/as asinen o permiso para poder tirar e difundir a foto, para que así ese permiso estea asinado o día do desenvolvemento da acción.

Para contratar ou máis información poden contactar en: fabaloba@fabaloba.com | 675 518 891



Esta é unha proposta da



Ctnl

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

www.ctnl.org

Desenvolvida por

fabaloba

www.fabaloba.com

www.gustame.gl

f: [gustameogalego](#) t: [gustameogalego](#)

